

INFORME-PROPOSTA

O concelleiro delegado titular da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas aprobou mediante resolución do 14/08/2017 as bases do XXXI Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol", que terá lugar do 17 ao 24 de novembro de 2017.

A cláusula cuarta das citadas bases establece que o xurado estará formado por:

- Unha Presidencia técnica e catro vogais, todos eles músicos de recoñecido prestixio con voz e voto, aos que se lles aboará a cantidade de 3000 € en concepto de asesoramento.
- Unha presidencia institucional con funcións representativas, que recaerá no alcalde do Concello de Ferrol ou no concelleiro delegado de Cultura.
- Un/unha secretario/a, que recaerá nun funcionario/a do negociado de Cultura, e actuará con voz e sen voto.

De acordo coa providencia do 17/07/2017, con data 24 de outubro, Natalia Lamas Vázquez presenta proposta para o nomeamento do xurado do XXXI Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol".

Posteriormente, con data 6/11/2017 o concelleiro delegado titular da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas dita providencia na que ordea a tramitación do expediente para o nomeamento dos membros do xurado.

Á vista do exposto proponse:

Primeiro . - Nomear ao xurado do XXXI Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol" cos seguintes membros:

Presidencia Técnica: Natalia Lamas Vázquez.

Vogais:

1. Fabio Witkowski
2. Andreas Frölich
3. Giselle Nacif Witkowski
4. Miguel Ángel Tapia

Presidencia Institucional: Jesús Basterrechea López (concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade)

Secretaria:

Titular: A xefa de Sección de Promoción Cultural e Turismo (Laura López González)

Suplente: A xefa de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo (M^a Iria Buján Vázquez).

Segundo. - Aprobar o gasto por importe de 15000 € en concepto de asesoramento membros do xurado de perfil técnico-artístico. Imputarase á reserva de crédito con numero de operación contable 217100740 ref. 534.

Ferrol, 7 de novembro de 2017

A xefa de Sección de Cultura e Turismo

Laura López Glez.

A xefa de Servizo de Cultura, Educación, Turismo e Deportes

Iria Buján Vázquez.

DECRETO.- Vista a proposta precedente veño en aprobala nos seus propios termos.

Así o manda e asina o Concelleiro delegado titular da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas por delegación de alcaldía de data 11 de outubro de 2016 (BOP 20/11/2016)

O concelleiro delegado titular da Área

Asdo.- Jesús Basterrechea López

Ante mín

Asdo.:

15 NOV. 2017

